



Departamento de Matemáticas
Curso 23 - 24

**ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO,
RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES ESO**

No caso de alumnado da ESO que se atope coa materia de Matemáticas pendente de cursos anteriores ao actual, establecerase un Plan de Recuperación das Materias non superadas, tal e como recolle a orde de atención á diversidade (Orde do 8 de setembro de 2021).

Os contidos esixibles ao alumnado pendente serán os relativos aos detallados na Programación do curso 22-23.

A recuperación das materias pendentes farase por avaliación a través dun exame e un boletín de exercicios. Cada exame terá un peso dun 80% sobre a nota da avaliación. Cada boletín, un 20%.

Os datos de entrega/devolución de boletíns e exames fixaranse polo Departamento. É obligatorio entregar os exercicios no prazo establecido. Non se recollerán fóra de prazo se non hai unha causa debidamente xustificada.

A/o profesora/or que lle imparte clase será a/o encargada/o do seu alumnado pendente. Daralles a información necesaria relativa á avaliación de pendentes (criterios, boletíns, datas). Informarase publicamente, con tempo suficiente, das datas dos exames.

Para aprobar a materia, deberán cumplir un destes criterios:

- Criterio 1. O alumnado poderá recuperala pendente por bloques. Cada un destes bloques identificarase coa 1^a (bloque 1) e 2^a avaliación (bloque 2).

En cada bloque utilizarase como material didáctico un boletín de exercicios elaborado polo Departamento (un por bloque). Farase un exame específico da materia suspensa por bloque. En cada exame entrará a materia que se traballe no boletín correspondente.

Cálculo nota 1^a – 2^a avaliación. Á nota do exame sumarase á nota do boletín. Esta nota será a correspondente á avaliación.

Se esta nota é igual ou superior a 5, terá a avaliación superada.

Cálculo nota 3^a avaliación. Farase a media aritmética da 1^a e 2^a avaliación. Se esta nota é igual ou superior a 5, terá a materia superada. Se é inferior a 5 terá que presentarse ó exame final da materia que se fará en maio. Neste exame final entra toda a materia. A este exame poderá presentarse o alumnado que, tendo aprobada a 1^a e 2^a avaliación, queira mellorar a súa cualificación.

Cálculo nota final da materia.

O exame final da materia terá un peso dun 80% sobre a nota final da materia. A esta nota sumarase a media aritmética das notas dos boletíns entregados. Esta suma denominarase NOTAFIN.

Para o alumnado que tivera a materia suspensa. Se esta suma é igual ou superior a 5, quédalle a materia superada. A nota final corresponderase con NOTAFIN.

Para o alumnado que fose a mellorar a súa cualificación. Calcularase o MAX(nota 3^a avaliación, NOTAFIN). A maior das notas será a nota final da materia.

- Criterio 2. Se o/a alumno/a aproba o curso actual calcularase a seguinte nota
 $\text{MAX}(5, 80\% \text{ da nota do curso actual} + 20\% \text{ nota boletíns}) = \text{Nota final da materia}$